

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 16 de febreiro de 2024**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as nove horas e trinta minutos do día dezaseis de febreiro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romay*, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Couso Torres* e o deputado *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33477.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 9 de febreiro de 2024.

2.33478.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA “EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2024” (Expte. 2024002459)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo, promove esta liña de subvencións, dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, destinadas á edición en formato papel e a edicións audiovisuais, mixtas e noutros formatos especiais que se editen en galego normativo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, no que se integra a actual Sección de Publicacións, centra o seu labor na edición de obras que abordan temas relacionados coa provincia, interesantes para a cidadanía, con especial atención á historiografía e a outros estudos de investigación vinculados aos concellos da provincia e ás súas tradicións.



Debido ao elevado número de solicitudes recibidas no servizo para a publicación de traballos de interese provincial, moitas delas non poden atenderse pola imposibilidade de contar con recursos tanto materiais coma humanos. Por este motivo, a institución provincial promove desde 2019 esta convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro co obxecto de cubrir esta demanda e axudar a financiar os custos que implica unha edición.

Con data 23 de xaneiro de 2024, o deputado delegado en materia de Patrimonio Documental e Bibliográfico ordena a elaboración dunha nova convocatoria de subvencións para edicións en concorrencia competitiva para o 2024, e solicítalle ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.

Con data 24 de xaneiro de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe do programa indicado, con CSV: NIZSKX7IK46OS1LR, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 29 de xaneiro de 2024, a área de Secretaría emite informe, con CSV: YG12XXDLDS7Z9YMD, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.

Con data 7 de febreiro de 2024, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: N9A79HPDOYPM7940, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 24/332.3322.789.00 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 202400029371, por importe de 90.000,00 €.

De acordo co disposto no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Deputación de Pontevedra ten entre as súas competencias fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia, que poderá materializarse mediante accións que teñan por obxecto estudar, divulgar, exaltar ou poñer en valor o seu patrimonio cultural material ou inmaterial.

No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG), establécese que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a destacar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario.

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Así mesmo, na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, recóllese que as corporacións locais ditarán as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego.



No artigo 10 da Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno provincial o 23 de maio de 1989, establécese que, “con carácter xeral, as publicacións editadas pola Deputación, teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega”.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións para edicións en concorrencia competitiva para o ano 2024.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística
- Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)



## APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, “a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación (16.1.c) en relación coa (16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (90.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.

## RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024, que figuran co CSV: V0E9B86VKSEUTO9L.

3.33479.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS” (Expte.2024006253)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.
- Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 02/02/2024, con rexistro núm.WEB2024005878, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello da Illa de Arousa na que solicita unha subvención por importe de 97.040,54 euros, con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais” (Expte.:2024006253), cun orzamento por importe de 111.537,09 €.
- No mesmo rexistro, o Concello solicita o traspaso á liña 2 da contía de 90.647,08 euros procedentes da liña 1-investmentos.



- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite memoria coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2024 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Servizo de recollida de lixo e xestión do punto limpo	79.914,31 €	69.527,79 €
Servizo de limpeza da escola de infantil e do colexio público CEIP Torre-Illa	31.622,78 €	27.512,75 €
TOTAL	111.537,09 €	97.040,54 €

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### Instrución do expediente

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15<sup>a</sup> das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 07/02/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/02/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Illa de Arousa*, CIF:P8600004I, a cantidade de 97.040,54 euros, para a realización da actuación “*Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais*” (Expte.:2024006253), cun orzamento por importe de 111.537,09 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Illa de Arousa*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

4.33480.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024007128)

#### ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.



- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.
- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE SANXENXO					
Data de presentación:			05/02/2024 (registro WEB2024006457)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
21	<i>6 auxiliares administrativos/as a xornada completa durante 10,5 meses; 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 9,8 meses e 14 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	286.639,21€	279.577,78€	42.185,26€	244.453,95€





- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE SANXENXO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	244.478,17 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten



aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

## CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Sanxenxo (P3605100A)	21	<i>6 auxiliares administrativos/as a xornada completa durante 10,5 meses; 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 9,8 meses e 14 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	244.453,95 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: D4VMMNG97KY26XG8) e do informe de Intervención (CSV: 8MJ3Z57NUO9O9060), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Sanxenxo* (CIF P3605100A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Sanxenxo (P3605100A)	21	<i>6 auxiliares administrativos/as a xornada completa durante 10,5 meses; 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 9,8 meses e 14 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	244.453,95 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.



- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
  - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

5.33481.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024006663)

#### ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.



- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importe da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detración, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detración que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE TOMIÑO					
Data de presentación:		02/02/2024 (registro WEB2024006065)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
20	<i>3 peóns de xardinería e 1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª a xornada completa durante 9,5 meses; 1 técnico/a administrativo/a en xeral a xornada completa durante 9 meses; 1 condutor/a operador/a de retroescavadora oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 1 traballador/a social a xornada completa durante 7,5 meses; 8 peóns de xardinería, 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción oficial de 2ª e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses; 1 peón da construción, 1 condutor/a-operador/a de retroescavadora oficial de 2ª e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal biólogo/a a xornada completa durante 6 meses</i>	273.668,29 €	267.185,15 €	7.308,13 €	266.380,16 €





- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE TOMIÑO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	266.380,16 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.



- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de



emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Tomiño (P3605400E)	20	<i>3 peóns de xardinería e 1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª a xornada completa durante 9,5 meses; 1 técnico/a administrativo/a en xeral a xornada completa durante 9 meses; 1 condutor/a operador/a de retroescavadora oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 1 traballador/a social a xornada completa durante 7,5 meses; 8 peóns de xardinería, 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción oficial de 2ª e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses; 1 peón da construción, 1 condutor/a-operador/a de retroescavadora oficial de 2ª e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal biólogo/a a xornada completa durante 6 meses</i>	266.380,16 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 9HASZF113WRJ40PY) e do informe de Intervención (CSV: H0942MY6VMZH4TJT), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Tomiño (CIF P3605400E) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Tomiño (P3605400E)	20	<i>3 peóns de xardinería e 1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª a xornada completa durante 9,5 meses; 1 técnico/a administrativo/a en xeral a xornada completa durante 9 meses; 1 condutor/a operador/a de retroescavadora oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 1 traballador/a social a xornada completa durante 7,5 meses; 8 peóns de xardinería, 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción oficial de 2ª e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses; 1 peón da construción, 1 condutor/a-operador/a de retroescavadora oficial de 2ª e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal biólogo/a a xornada completa durante 6 meses</i>	266.380,16 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos



códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
  - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



6.33482.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “FESTAS PATRONAIS SAN TELMO 2024” (Expte.2024007136)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.
- Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 02/02/2024, con rexistro núm.WEB2024006613, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Tui na que solicita unha subvención por importe de 96.494,30 euros, con destino ao financiamento de “Festas patronais San Telmo 2024” (Expte.:2024007136), cun orzamento polo mesmo importe.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.





Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 07/02/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/02/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui*, CIF:P3605500B, a cantidade de 96.494,30 euros, para a realización da actuación “*Festas patronais San Telmo 2024*” (Expte.:2024007136), cun orzamento polo mesmo importe.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

7.33483.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILABOIA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024005670)

#### ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.



- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.
- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importe da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE VILABOA					
Data de presentación:		01/02/2024 (registro WEB2024005411)			
Data de emenda da solicitude:		02/02/2024 (registro WEB2024006044)			
Data de emenda da solicitude:		07/02/2024 (registro WEB2024007156)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	<i>2 peóns forestais, 2 operarios/as de maquinaria forestal e 3 albaneis a xornada completa durante 9 meses</i>	113.907,78 €	111.129,48 €	4.344,13 €	109.563,65 €



- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE VILABOA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	109.563,65 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten



aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

## CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilaboa (P3605800F)	7	2 peóns forestais, 2 operarios/as de maquinaria forestal e 3 albaneis a xornada completa durante 9 meses	109.563,65 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: ZIFDT3FS63120QIK) e do informe de Intervención (CSV: C8ZG273C3B8QMXET), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Vilaboa* (CIF P3605800F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilaboa (P3605800F)	7	2 peóns forestais, 2 operarios/as de maquinaria forestal e 3 albaneis a xornada completa durante 9 meses	109.563,65 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.





- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
  - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

8.33484.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024007601)

#### ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.



- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA					
Data de presentación:		06/02/2024 (registro WEB2024006777)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
35	<i>4 peóns forestais, 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora, 4 peóns instaladores/as electricistas, 5 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 14 peóns axudantes albaneis, 1 peón fontaneiro/a; 4 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 peóns axudantes mantedores/as de instalacións deportivas</i>	500.427,20 €	490.299,60 €	215.861,24 €	284.565,96 €



- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	284.565,96 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten



aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

## CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilagarcía de Arousa (P3606000B)	35	4 peóns forestais, 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora, 4 peóns instaladores/as electricistas, 5 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 14 peóns axudantes albaneis, 1 peón fontaneiro/a; 4 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 peóns axudantes mantedores/as de instalacións deportivas	284.565,96 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: EFU0UPY2T6286FZV) e do informe de Intervención (CSV: 9CW2ECVW9J9BWK0A), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Vilagarcía de Arousa* (CIF P3606000B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilagarcía de Arousa (P3606000B)	35	4 peóns forestais, 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora, 4 peóns instaladores/as electricistas, 5 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 14 peóns axudantes albaneis, 1 peón fontaneiro/a; 4 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 peóns axudantes mantedores/as de instalacións deportivas	284.565,96 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.





- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
  - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

9.33485.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024007602)

#### ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.



- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importe da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detración, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detración que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA					
Data de presentación:			06/02/2024 (registro WEB2024006865)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
6	<i>1 chofer-tractorista e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 mantedor/a de edificios, 1 albanel e 2 guías de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses</i>	86.954,61 €	86.954,61 €	0,00 €	86.954,61 €

- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	167.006,86 €



- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local



- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

### III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

## CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilanova de Arousa (P3606100J)	6	<i>1 chofer-tractorista e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 mantedor/a de edificios, 1 albanel e 2 guías de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses</i>	86.954,61 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: D1WMAFPB4T6YJXP9) e do informe de Intervención (CSV: 0CZS80BCL6B1PE6R), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Vilanova de Arousa* (CIF P3606100J) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilanova de Arousa (P3606100J)	6	<i>1 chofer-tractorista e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 mantedor/a de edificios, 1 albanel e 2 guías de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses</i>	86.954,61 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.





- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberánse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.



- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

10.33486.- ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DAS PARCELAS E-14, E-15 E E-16 RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO (Expte.2024001682)

Visto que o Pleno da Corporación Provincial, na sesión celebrada o 24 de febreiro de 2023, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (19), resultantes do proxecto de parcelación do plan de sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro, no Concello de Barro.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións o Pleno Provincial, na sesión do 28 de abril de 2023, declarou deserto o citado concurso e acordou a posibilidade de efectuar o alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das 19 parcelas que quedaron desertas durante o prazo dun ano, a contar dende a publicación do acordo no BOPPO nº 91, de 12 de maio de 2023, e en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles compradores, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrència.

O 10 de xaneiro e o 5 de febreiro de 2024 teñen entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (n<sup>os</sup> de rexistro web2024001278 e web2024006575), escritos de D. Andrés Lago Lage, actuando en nome e representación da empresa LAGO AVES, HUEVOS Y CAZA S.A., con CIF nº A36031185, a través dos cales solicita lle sexa adxudicada directamente a propiedade das parcelas E-14 de 2.772,80 m<sup>2</sup>, E-15, de 2.772,80 m<sup>2</sup>, e E-16, de 2.907,32 m<sup>2</sup>, ao prezo de 99,00 €/m<sup>2</sup>, IVE excluído.



Nos seus escritos de solicitude a empresa elixe pagar o 100% do prezo total no acto de sinatura das escrituras públicas de compravenda; isto é, 332.153,71 € no caso da parcela E-14 (274.507,20 €, máis 57.646,51 € en concepto de IVE), 332.153,71 € no caso da parcela E-15 (274.507,20 €, máis 57.646,51 € en concepto de IVE) e 348.267,86 € da parcela E-16 (287.824,68 €, máis 60.443,18 € en concepto de IVE).

Así mesmo, aporta certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e deposita na Tesourería da Deputación de Pontevedra as garantías esixidas nos PCAP, equivalentes ao 6% do prezo da operación para cada parcela, sen IVE, segundo o seguinte detalle:

- Parcela E-14, dezaseis mil catrocentos setenta euros con corenta e tres céntimos (16.470,43 €) operación OCVD-CVD, co número 202400029552
- Parcela E-15, dezaseis mil catrocentos setenta euros con corenta e tres céntimos (16.470,43 €) operación OCVD-CVD, co número 202400017344
- Parcela E-16, dezasete mil douscentos sesenta e nove euros con corenta e oito céntimos (17.269,48€) operación OCVD-CVD, co número 202400017345

Vistos os informes favorables á tramitación do presente expediente do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de datas 29 de xaneiro e 6 de febreiro de 2024, cos CSV: CBKTCDCZJMZLBL8O7 e CSV:YH2CE3N61K8Z6CPQ e da Intervención Provincial, de datas 30 de xaneiro e 7 de febreiro de 2024 cos CSV:HM3IK5EY16LJO6Z6 e CSV:5IVT8WK4T8H1XVZT.

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nas bases de execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. O alleamento, por adxudicación directa, a favor da empresa LAGO AVES, HUEVOS Y CAZA S.A., con CIF nº A36031185, das parcelas E-14, E-15 e E-16 do Polígono Industrial de Outeda-Curro (Barro), ao prezo de 99,00€/m<sup>2</sup>, IVE excluído, debendo aboar as seguintes cantidades no momento da sinatura das escrituras públicas de compravenda:

Parcela E-14: 332.153,71 € (274.507,20 € máis 57.646,51 € en concepto de IVE)  
Parcela E-15: 332.153,71 € (274.507,20 € máis 57.646,51 € en concepto de IVE)  
Parcela E-16: 348.267,86 € (287.824,68 € máis 60.443,18 € en concepto de IVE)

Segundo. A Deputación de Pontevedra emitirá as correspondentes facturas que serán entregadas ao comprador no momento da firma das correspondentes escrituras. Os ingresos contabilizaranse con cargo ao concepto orzamentario “24/923-609,00 *venta de parcelas polígono*”.

11.33487.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes.2024007875 e 2024007876)

a)Vista a relación de facturas con número 2024007875, que contén 9 facturas e por un importe de 3.441,49€, e con CSV: 0EELAT1MJRPYNJBY, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 07/02/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento*



extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	3.441,49 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	3.441,49 €

b)Vista a relación de facturas con número 2024007876, que contén 17 facturas e por un importe de 34.986,66€ e con CSV: YZ214M6RP0V3JFA6, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 07/02/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	34.697,31 €
Descontos do IRPF .....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	1.289,35 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido.....	34.986,66 €

12.33488.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE EVOLUCIÓN E XESTIÓN DA REDE SMARTPEME DE PONTEVEDRA”. (EXPTE. 2021041034)

Na sesión ordinaria do día 28/01/2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de evolución e xestión da Rede SmartPeme de Pontevedra* á empresa KPMG ASESORES SL (CIF B-82.498.650), polo seguinte importe e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

1.- Prezo ofertado (sen IVE):

	Prezo unitario (sen IVE)	Nº unidades	Total (sen IVE) (Prezo unitario *Nº unidades)
Servizo de asesoramento	1.026.461,17 €/ano	1	1.026.461,17 €
Talleres formativos	200,00 €/taller	150	30.000,00 €
Actividades complementarias	5.000,00€ / actividade	8	40.000,00 €
TOTAL OFERTADO (SEN IVE)			1.096.461,17 €
IVE (21 %)			230.256,85 €
TOTAL OFERTADO (IVE incluído)			1.326.718,02 €



- 2.- Número de asesoramentos anuais ofertados: 2.000 asesoramentos.
- 3.- A empresa KPMG Asesores SL dispón de Certificación que acredite a xestión e control da calidade relacionada co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 9001 ou similar).
4. Número anual de talleres formativos ofertados a maiores do mínimo esixido nos pregos: 0.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 21 de febreiro de 2022 establecéndose o prazo de duración do contrato en 12 meses contados desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de unha prórroga de 12 meses de duración

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 13 de xaneiro de 2023 acordou aprobar a prórroga do contrato do “*Servizo de evolución e xestión da Rede SmartPeme de Pontevedra*” subscrito coa empresa KPMG Asesores SL (CIF: B82498650), desde o 21 de febreiro do 2023 ata o 20 de febreiro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen

Con datas 24/01/2024 e 01/02/2024 tiveron entrada no rexistro Web da Deputación de Pontevedra con números de rexistro 2024003494 e 2024005628 respectivamente solicitude da empresa KPMG Asesores SL (CIF: B82498650) de ampliación do prazo de execución do citado contrato por un prazo de tres meses. A empresa indica na súa petición que “*Non está a ser posible planificar unha data e executar as seguintes tarefas comprometidas no prego de prescricións técnicas e na proposta técnica de KPMG, por circunstancias alleas a KPMG e que se expoñen máis adiante*

- *II Gala de Premios de Emprendimiento – Encuentro anual de emprendimiento*
- *VI Jornada TurisTIC*
- *Demoday IV Programa de aceleración del sector turístico*
- *Demoday II Programa de Crecimiento de Lalín*

*Debido ao cambio de goberno acaecido na provincia de Pontevedra por mor das eleccións celebradas o 28 de maio de 2023, motivo alleo ao contratista, a prestación do servizo viuse afectada.*

*As actividades anteriormente mencionadas non puideron ser celebradas na data inicialmente exposta por KPMG, debido a que se require a validación e presenza do equipo de Presidencia e Deputados da Deputación de Pontevedra, o cal estivo inmerso nunha situación de traspaso de poderes”.*

A vista do exposto KPMG solicita que tendo en conta que ditas causas son motivos non imputables á vontade de KPMG, autorice a ampliación dos servizos de Smartpeme por un prazo de 3 meses do contrato do “*Servizo de evolución e xestión da Rede Smartpeme de Pontevedra*”, ata finalizar a completa execución das tarefas pendentes expostas previamente.

O artigo 195 da LCSP establece en relación coa resolución por demora e ampliación do prazo de execución dos contratos que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederá dándolle un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedira outro menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso foi producido por motivos imputables ao contratista.



Visto o informe emitido polo responsable do contrato con data 06/02/2024 que informa favorablemente a petición indicando que “...unha vez realizadas as comprobacións oportunas, se consideran suficientes e razoadas as xustificacións realizadas pola empresa KPMG ASESORES SL, sendo estas alleas e non imputables ao contratista, polo que se informa favorablemente á petición de ampliación por tres meses do tempo de execución do contrato”.

Visto asimismo o informe conxunto do Servizo de contratación, da Secretaría e da Intervención de data 07/02/2024 que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en TRES MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 20/05/2024.*

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno.”*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a ampliación do prazo de execución do contrato para a prestación do Servizo de evolución e xestión da Rede SmartPeme de Pontevedra suscrito coa empresa KPMG ASESORES SL (CIF B-82.498.650) por un período de tres meses sendo a data de finalización deste contrato o 20/05/2024.

13.33489.- RESOLUCIÓN RECAÍDA NAS SOLICITUDES EFECTUADAS POR DIVERSAS EMPRESAS PARA PARTICIPAR NO “SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.  
(Expte.2023051458)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, aprobou o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 18 de decembro de 2023, aparecendo publicado o día 20 de decembro de 2023 (Número de publicación do anuncio 00774219-2023; número da edición do DO S: 245/2023); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 decembro de 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.



Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos no prego, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no mesmo.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade. As empresas que presentan as súas candidaturas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes son as seguintes:

1. Ankara City Tres, S. L. (Nif: B85679884)
2. Blinker, S.A.U. (Nif: A03813474)
3. Construdeco Norte Sl (Nif: B27193762)
4. Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (Nif: B36916377)
5. Costa Oeste del Atlantico, S.L. (Nif: B36946002)
6. Dress-Work, S.L.U. (Nif: B97359988)
7. Ebos Ramon Agolada S.L. (Nif: B27469741)
8. Eugenio Ales Llamas, S.A. (Nif: A41028820)
9. Gsi Dotación Industrial, S.L. (Nif: B36352235)
10. Peycar Pontevedra,S.L. (Nif: B36112043)
11. Rafitextil Dtt 3.8 Sl (Nif: B14546980)
12. Suministros Industriales Incomer Sl (Nif: B87442570)
13. Suministros Punto Fijo S.L. (Nif: B27815539)
14. Würth España, S.A. (Nif: A08472276)

Unha vez avaliada a documentación presentada por cada unha das empresas na solicitude de adhesión obsérvase que as empresas Construdeco Norte Sl (Nif: B27193762), Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (Nif: B36916377), Costa Oeste del Atlantico, S.L. (Nif: B36946002), Dress-Work, S.L.U. (Nif: B97359988), Ebos Ramon Agolada S.L. (Nif: B27469741), Eugenio Ales Llamas, S.A. (Nif: A41028820), Gsi Dotacion Industrial, S.L. (Nif: B36352235), Peycar Pontevedra,S.L. (Nif: B36112043), Suministros Industriales Incomer Sl (Nif: B87442570), Suministros Punto Fijo S.L. (Nif: B27815539), e Würth España, S.A. (Nif: A08472276), non achegan correctamente a documentación correspondente ao referido sobre electrónico, segundo o establecido na cláusula 8.d do prego económico-administrativo. Por este motivo, requíreselle para que, no prazo improrrogable de dez días naturais, acheguen a documentación solicitada.

Finalizado este prazo as empresas Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (Nif: B36916377), Costa Oeste del Atlantico, S.L. (Nif: B36946002), Dress-Work, S.L.U. (Nif: B97359988), Ebos Ramon Agolada S.L. (Nif: B27469741), Eugenio Ales Llamas, S.A. (Nif: A41028820), Gsi Dotación Industrial, S.L. (Nif: B36352235), Peycar Pontevedra,S.L. (Nif: B36112043), Suministros Industriales Incomer Sl (Nif: B87442570), Suministros Punto Fijo S.L. (Nif: B27815539), e Würth España, S.A. (Nif: A08472276) presentan a documentación solicitada.



A empresa Construdeco Norte SL (Nif: B27193762) non atende ao requerimento efectuado polo que non queda acreditada a súa solvencia económica e técnica.

Tendo en conta o exposto, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 8 de febreiro de 2024 acordou seleccionar ás empresas Ankara City Tres, S. L. (Nif: B85679884), Blinker, S.A.U. (Nif: A03813474), Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (Nif: B36916377), Costa Oeste del Atlantico, S.L. (Nif: B36946002), Dress-Work, S.L.U. (Nif: B97359988), Ebos Ramon Agolada S.L. (Nif: B27469741), Eugenio Ales Llamas, S.A. (Nif: A41028820), Gsi Dotacion Industrial, S.L. (Nif: B36352235), Peycar Pontevedra, S.L. (Nif: B36112043), Rafitextil Dtt 3.8 SL (Nif: B14546980), Suministros Industriales Incomer SL (Nif: B87442570), Suministros Punto Fijo S.L. (Nif: B27815539), e Würth España, S.A. (Nif: A08472276), por ter acreditado que cumpren cos criterios de selección establecido no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas correspondentes categorías, segundo a súa solicitude, do Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

Así mesmo, a Mesa de Contratación, na citada reunión celebrada o 8 de febreiro de 2024 acorda que a empresa Construdeco Norte SL (NIF: B27193762) non cumpre cos criterios de selección establecidos no prego polo que lle propón ao órgano de contratación que non se admita no Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Non admitir á empresa Construdeco Norte SL (NIF: B27193762) por non cumprir cos criterios de selección establecidos no prego.
2. Admitir ás empresas que se relacionan nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra:

Categoría I: Vestiario laboral e equipos de protección individual.

1. Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884)
2. Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474)
3. Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (NIF: B36916377)
4. Costa Oeste del Atlantico, S.L. (NIF: B36946002)
5. Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988)
6. Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
7. Peycar Pontevedra, S.L. (NIF: B36112043)
8. Rafitextil Dtt 3.8 SL (NIF: B14546980)
9. Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539)
10. Würth España, S.A. (NIF: A08472276)
11. Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741)
12. Gsi Dotacion Industrial, S.L. (NIF: B36352235)
13. Suministros Industriales Incomer SL (NIF: B87442570)





Categoría II: Uniformidades e complementos

1. Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884)
  2. Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474)
  3. Costa Oeste del Atlantico, S.L. (NIF: B36946002)
  4. Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988)
  5. Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
  6. Rafitextil Dtt 3.8 Sl (NIF: B14546980)
  7. Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539)
  8. Suministros Industriales Incomer SL (NIF: B87442570)
3. As empresas admitidas deberán formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.
- Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.
4. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizados os contratos de adhesión.
- A data de comezo indicárase no documento de formalización e será dunha anualidade.
- Estabécese a posibilidade dunha prórroga cunha duración dun ano.

14.33490.- RESOLUCIÓN RECAÍDA NAS SOLICITUDES EFECTUADAS POR DIVERSAS EMPRESAS PARA PARTICIPAR NO “SISTEMA DINÁMICO DE SUBMINISTRACIÓN DA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ”. (Expte.2023065088)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2023, aprobou o expediente para establecer un “*Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé*”, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 5 de xaneiro de 2024, aparecendo publicado o día 8 de xaneiro de 2024 (Número de publicación do anuncio 00011200-2024; número da edición do DO S: 5/2024); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de xaneiro de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.



Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos no prego, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no mesmo.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade. As empresas que presentan as súas candidaturas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes son as seguintes:

- Aira S.Coop.Galega (Nif: F27317593), categoría I, II e IV
- Cofocyl, S.L. (Nif: B47432794), categoría III
- Nutrinieto S.L.U. (Nif: B94088457), categoría IV
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298), categoría I, II, III e IV.

Unha vez avaliada a documentación presentada por cada unha das empresas na solicitude de adhesión obsérvase que todas as empresas achegan correctamente a documentación correspondente ao referido sobre electrónico, segundo o establecido na cláusula 8.d do prego económico-administrativo. Polo exposto, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 8 de febreiro de 2024, acordou seleccionar as empresas Aira S.Coop.Galega (Nif: F27317593), Cofocyl, S.L. (Nif: B47432794), Nutrinieto S.L.U. (Nif: B94088457), e Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298), por ter acreditado que cumpren cos criterios de selección establecidos nos pregos, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas correspondentes categorías, segundo a súa solicitude, do Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir ás empresas que se relacionan nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade:

Categoría I, Mesturas de materias primas:

- Aira S.Coop.Galega (Nif: F27317593)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298)

Categoría II, Pensos ensacados.

- Aira S.Coop.Galega (Nif: F27317593)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298)

Categoría III, Forraxes: palla, alfalfa, veza.

- Cofocyl, S.L. (Nif: B47432794)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298)



Categoría IV, Penso mineral complementario.

- Aira S.Coop.Galega (Nif: F27317593)
- Nutrinieto S.L.U. (Nif: B94088457)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298)

2. As empresas admitidas deberán formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

3. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizados os contratos de adhesión.

A data de comezo indicárase no documento de formalización e será dunha anualidade.

Estabécese a posibilidade dunha prórroga cunha duración dun ano.

15.33491.- APROBACIÓN DA SEGUNDA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)”. (Expte.2022070641)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)” por un importe de 268.973,62 € IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 29/06/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 29/10/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/11/2023 acordou conceder á empresa MONCOSA OHS, S.A., unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, no contrato de obras “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 29/12/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12/01/2024 acordou a suspensión da execución do contrato de obras “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, con efectos dende o 22/12/2023.



Os motivos recollidos na acta que deron lugar á suspensión da execución foron que:

*“...Debido a que se formigonará a lousa de compresión do taboleiro da ponte o 21 de decembro, é necesario deixar pasar un mínimo de 15 días para que ésta alcance unha resistencia mínima para permitir a circulación de maquinaria por encima da lousa e poder así continuar cos traballos. Ademais o peche das fábricas no período navideño imposibilita realizar os suministros necesarios para a obra nestas datas...”*

Resultando.- Que con data 16/01/2024 formalizouse entre a directora de obra e o contratista acta de reinicio da obra, quedando nese intre SETE (7) DIAS para finalizar a obra.

Resultando.- Que con data 19/01/2024 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, REX\_WEB2024002801, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de CUARENTA E CINCO (45) DIAS, debido a que nos 6 meses de obra transcorridos ata a data na que se presenta esta solicitude, se contabilizan un número significativo de días nos que se producen intensas precipitacións que fan moi complicada a execución dos traballos; especialmente a escavación, formigonado e recheos necesarios, facendo imposible conseguir a compactación necesaria de ditos recheos previstos en obra. Ademais, unha vez cesan as choivas, o seu efecto séguese notando xa que o río mantén un caudal moi alto durante días, o que segue complicando a execución dos tallos.

Resultando.- Con data 07/02/2024 emitiu informe o director de obra recollendo que *“...Compre destacar que dende o 13/10/2023 se produciu un período de choivas practicamente ininterrompido que chegou ata mediados de decembro. Deixando obviamente sen contabilizar os días de choiva no período no que a obra estivo suspendida, é dicir, considerando dende o 13/10/2023 ó 21/12/2023, e dende o 16/01/2024 ó 07/02/2024, contabilízanse nos partes da AEMET 40 días laborables con choivas moi abundantes, que imposibilitaron ou no mellor dos casos ralentizaron moito os traballos. Ademais ó retrasarse as tarefas e continuar chovendo, dado que se traballa nun río, este seguiu aumentando o seu caudal e subindo o seu nivel de auga, dificultando e retrasando os traballos posteriores en datas sen precipitacións, traballos que cun nivel de augas baixas tería sido moito máis rápido.*

*Contabilizando os días en festivo (sábados, domingos e festivos) anexos ós períodos nos que se observan 40 días hábiles con choivas, saen 16 días adicionais en festivos, o cal da unha suma de 56 días xustificadas de retraso. Dado que o prazo da obra contabilízase por días naturais e o contratista solicita 45 días naturais adicionais, e tendo en conta que no período referido (sen contar as datas nas que a obra estivo suspendida) existen 56 días de retraso por choivas abundantes, a Dirección Facultativa considera que as causas de demora que alega o contratista non son imputables a el e que é procedente a ampliación do prazo.*

*[...] infórmase favorablemente dita ampliación de prazo en 45 días naturais, posto que os motivos do retraso non son imputables ó mesmo e considérase que está totalmente xustificada a ampliación de prazo solicitada.”*

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) KS18ZNT30ZY3N0NR no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en CUARENTA E CINCO (45) DIAS, sendo a data de finalización deste contrato o 08/03/2024.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*



Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo de execución dos contratos o seguinte: "...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor..."

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: "1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración..."

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na execución da obra "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)".

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na segunda prórroga da obra "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)" por un importe de 813,93 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: 46BVDKT8JIKGGW7A, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto código nº 2022070641, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400031059.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa MONCOSA OHS, S.A., unha ampliación de prazo de CUARENTA E CINCO (45) DIAS, na execución do contrato de obras "*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*" establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/03/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.



2. Adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) o contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na prórroga da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” (expte 2024008122), por un importe de 813,93 € de acordo co seguinte detalle:

Importe ..... 672,67 €  
IVE (21 %) ..... 141,26 €  
Importe total ..... 813,93 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante CUARENTA E CINCO (45) DIAS polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)" con efectos dende o 24/01/2024.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024008122

16.33492.- APROBACIÓN DA TERCEIRA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS-PUXEIROS DENDE O P.Q. 0+020 ATA O P.Q. 0+600 (CONCELLO DE MOS)”. (Expte.2022045199)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/12/2022 acordou adxudicar á empresa Arines Obras y Proyectos, S.L., CIF (B15411705) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 Concello de Mos*”, por un importe de 411.312,96 euros IVE incluído e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 16/01/2023 formalízase acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 16/07/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/03/2023 acordou autorizar a suspensión da execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, con efectos dende o 17/03/2023.

Resultando.- Que en data 26/06/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista acta de reinicio da obra, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 23/10/2023.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/10/2023 acordou conceder á empresa Arines Obras y Proyectos, S.L., unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 Concello de Mos)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 23 de decembro de 2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 22/12/2023 acordou conceder á empresa Arines Obras y Proyectos, S.L., unha segunda ampliación do prazo de execución de MES E MEDIO (1,5) MESES, na execución do contrato de obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 Concello de Mos)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 06 de febreiro de 2024.

Resultando.- Que mediante escrito presentado polo contratista a través do rexistro electrónico da Deputación, na data 02/02/2024 (REX\_WEB2024006077), solicita unha nova ampliación do prazo de execución de MES E MEDIO (1,5) MESES, debido ás seguintes circunstancias:

- As condicións meteorolóxicas do último mes tanto por precipitacións como por temperaturas impediron que se puideran iniciar os traballos de pavimentación con garantías dunha correcta execución. Anexáronse os datos recollidos na estación meteorolóxica máis próxima ao lugar da obra de pluviometría e temperatura mínima.
- Para poder executar o pavimento necesitamos tempo seco e temperaturas moderadas. Unha vez executado o aglomerado, é necesario deixar curar o pavimento un mínimo de 15 días para poder pintar as marcas viarias.

Resultando.- Con data 06/02/2024 que emitiu a dirección de obra, constando no expediente con CSV: 0F03DYENADPH3KFG recóllese o seguinte: *“...En base ao anterior e analizados os datos da estación de Vigo-Campus, próxima á zona da actuación, conclúese que procede conceder unha prórroga de 1,5 meses motivada polas condicións meteorolóxicas acaecidas e polo tanto por causas non imputables ao contratista...”*

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) GGKOF7VXW5QOPLYS no que se recolle o seguinte: *“...Botase en falta un razoamento por parte da dirección de obra, onde se explique a incidencia no prazo de cada unha das cuestións, determinándose en qué proporción afecta a cada ampliación, e como se chega á conclusión de que o prazo solicitado é o adecuado.*

*Nesta ocasión a ampliación parece determinarse por un período probable en que as condicións atmosféricas permitirán finalizar as obras, debendo unha vez finalice a causa reaxustarse o prazo prorrogado ao realmente perdido.*

*En atención ao exposto pola dirección de obra, que actúa como responsable do contrato, de cuxa proposta non podemos separarnos polo seu coñecemento e especialidade técnica, e en aras de non prexudicar o interese público perseguido coa execución da obra, non vemos inconveniente en proceder á ampliación do prazo de execución por UN MES E MEDIO (1,5) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 21/03/2024...”*



Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederllo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que por Resolución Presidencial número 2022008805 de data 12/12/2022 adjudicouse á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.AU. (A82876905) o contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)".

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adjudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adjudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.AU., para a adjudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na terceira prórroga da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)", por un importe de 798,18 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: DQMV2J0MQLUI3X4R, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2022, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/42, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202400030975.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa *Arines Obras y Proyectos, S.L.*, CIF (B15411705), unha ampliación de prazo de MES E MEDIO (1,5) MESES, na execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 21/03/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.





2. Adxudicar á empresa *Atenea Seguridad y Medioambiente, S.A.U.* (A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na segunda prórroga da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*” (Expte. 2024008088) por un importe de 798,18 € de acordo co seguinte detalle:

Importe ..... 659,65 €  
IVE (21 %) ..... 138,53 €  
Importe total ..... 798,18 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante MES E MEDIO (1,5) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*” con efectos dende o 07/02/2024.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024008088.

17.33493.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CMDC BREGAN DE O GROVE POR “CTO. GALEGO: ALEVIN, BENXAMIN E PREBENXAMIN”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 28/07/2023. (Expte.202316815)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 24/01/23 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (expediente 2023001814). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 29 do 10/02/23.

Segundo.- En data 08.03.23 Félix Lamas Gondar, en representación do CMDC Breogán de O Grove (NIF: G36015634) presenta solicitude para o “*Cto. Galego: Alevín, Benxamín e Prebenxamín*”, achegando un orzamento da actividade por importe de 3.340,00 €.

Terceiro.- En data 28.07.23 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04.08.23 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 e no que figura o CMDC Breogán de O Grove (NIF: G36015634) e na contía de 362,66 € para a actividade solicitada.



Cuarto.- En data 05.02.24 Félix Lamas Gondar, en representación do CMCD Breogán de O Grove (NIF: G36015634) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida sinalando que non se puido realizar o gasto do orzamento presentado coa solicitude.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 07.02.24 a renuncia presentada polo CMCD Breogán de O Grove (NIF: G36015634).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo CMCD Breogán de O Grove (NIF: G36015634) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 362,66 € para a realización da actividade do “Cto. Galego: *Alevín Benxamín e Prebenxamín*” (documento co CSV: DESW7VLX8KKJ6J14).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

18.33494.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN (Expte. 2023012204)

Dada conta que con data de rexistro 23/02/2023 (rex. núm. 2023003747), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.<sup>a</sup> Lorena M.<sup>a</sup> Martínez Rodríguez, con domicilio a efectos de notificacións en Nespereira, Zoce nº 9, no Concello de Pazos de Borbén, por danos en vehículo, producidos o día 05/01/2023, a consecuencia, segundo manifesta, dun socavo na estrada provincial E.P. 2702 Amoedo-Os Valos, e que foi cuantificada economicamente en 95,59€.

Resultando.- Que con data 03/03/2023, requiríuse á interesada para que subsanara a instancia do xeito que se relaciona a continuación:

- Indicando o lugar exacto no que se produciron os danos, sinalando algún punto de referencia próximo ou ben aportando algunha fotografía do socavo e o seu entorno que permitira ubicar o lugar no que se atopaba, xa que na instancia dicía achegar unha fotografía do socavo pero a mesma non foi aportada.




- Aportando documentación do vehículo e permiso de circulación.
- Achegando certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que non foi indemnizada por mor deste sinistro.
- E de ser o caso, aportando un informe policial ou atestado que permitira constatar que os feitos ocorreron tal e como relata.

Resultando.- Que con data 17/03/2023, D.<sup>a</sup> Lorena M.<sup>a</sup> Martínez Rodríguez remite os seguintes documentos:

- Fotografía do lugar na que se aprecia un socavo arranxado.
- Permiso de circulación do vehículo.
- Certificación da aseguradora que recolle a ausencia de sinistralidade.
- Permiso de conducción de D.<sup>a</sup> Lorena.

Resultando.- Que con data 24/03/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, en relación co 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, que o emitiu na data 14/06/2023, co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- A estrada provincial EP-2702 AMOEDO-OS VALOS forma parte do inventario da rede provincial.*



*Unha vez rebrandado o lugar obxecto da reclamación este correspóndese o punto situado á marxe dereita do quilométrico 5+370 do vial provincial.*



SEGUNDO.- Non se tivo coñecementos dese accidente nin de outros similares nas datas próximas á sinalada.

Desde o ano 2022 aparecen incidencias na estrada provincial pero noutros puntos quilométricos (achéganse copias dos partes rexistrados).

Nº de Parte	Rexistro	30/01/2022	19:00	01128	PAZOS DE BORBEN	Sur
2022	42	Comunicado	30/01/2022	19:12	01128	Amoedo - Os Valos
		Finalizado	30/01/2022	22:20	01128	Alberto
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas				
<b>Finalizado</b>	<b>Incidencia</b>	pedra no medio da estrada				
Nº de Parte	Rexistro	13/02/2022	02:02	01128	PAZOS DE BORBEN	Sur
2022	51	Comunicado	13/02/2022	02:04	01128	Amoedo - Os Valos
		Finalizado	13/02/2022	05:12	01128	Bacariza
		Comunica	112 - SOS GALICIA TRAFICO			
		Notas				
<b>Finalizado</b>	<b>Incidencia</b>	taboas que deberon caer dun camión pola estrada				
Nº de Parte	Rexistro	11/10/2022	03:51	01128	PAZOS DE BORBEN	Sur
2022	368	Comunicado	11/10/2022	03:53	01128	Amoedo - Os Valos
		Finalizado	11/10/2022	07:05	01128	Bacariza
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas				
<b>Finalizado</b>	<b>Incidencia</b>	ramas e restos de arbore na estrada. revisar cables				
Nº de Parte	Rexistro	23/10/2022	05:00	01129	PAZOS DE BORBEN	Sur
2022	414	Comunicado	23/10/2022	05:00	01129	Amoedo - Os Valos
		Finalizado	23/10/2022	05:00	01129	Padin
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas	ES CONTINUACIÓN DE LOS NÚMEROS 412 Y 413			
<b>Finalizado</b>	<b>Incidencia</b>	ARBOL QUE CORTA TOTALMENTE LA CARRETERA				

Nº de Parte	Rexistro	24/10/2022	11:09	05413	PAZOS DE BORBEN	Sur
2022	457	Comunicado	24/10/2022	11:10	05413	Amoedo - Os Valos
		Finalizado	24/10/2022	11:15	05413	Bacariza
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas	Falo co capataz e comunicame que xa o notificou a José Luis Galifianes para avisar a tele			
<b>Finalizado</b>	<b>Incidencia</b>	Poste de madeira a punto de caer na estrada				
Nº de Parte	Rexistro	28/10/2022	10:36	01129	PAZOS DE BORBEN	Sur
2022	469	Comunicado	28/10/2022	10:41	01129	Amoedo - Os Valos
		Finalizado	28/10/2022	10:41	01129	Bacariza
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas	DICE EL CAPATAZ YA ESTÁ AVISADA LA COMPAÑIA TELEFÓNICA DESDE EL DÍA 24/1			



<b>Finalizado</b>	<b>Incidencia</b>	POSTE DE TELÉFONOS INCLINADO SOBRE LA CARRETERA				
<b>Nº de Parte</b>	<b>Registro</b>	31/10/2022	10:52	01129	PAZOS DE BORBEN	Sur
2022	495	<b>Comunicado</b>	31/10/2022	10:53	01129	Amoedo - Os Valos 6,0
		<b>Finalizado</b>	31/10/2022	11:33	01129	Bacariza
		<b>Comunica</b>	OTROS		ROBERTO DO CONCELLO	
		<b>Notas</b>	TODA LA BRIGADA POR SER HORARIO LABORAL			
<b>Finalizado</b>	<b>Incidencia</b>	ÁRBOL EN LA CARRETERA				
<b>Nº de Parte</b>	<b>Registro</b>	04/11/2022	12:14	01128	PAZOS DE BORBEN	Sur
2022	501	<b>Comunicado</b>	04/11/2022	12:16	01128	Amoedo - Os Valos 7,7
		<b>Finalizado</b>	04/11/2022	14:00	01128	Bacariza
		<b>Comunica</b>	112 - SOS GALICIA		TRAFICO	
		<b>Notas</b>				
<b>Finalizado</b>	<b>Incidencia</b>	bache bastante grande na estrada				
<b>Nº de Parte</b>	<b>Registro</b>	21/11/2022	13:46	01128	PAZOS DE BORBEN	Sur
2022	549	<b>Comunicado</b>	21/11/2022	13:50	01128	Amoedo - Os Valos 2,0
		<b>Finalizado</b>	21/11/2022	14:57	01129	Bacariza
		<b>Comunica</b>	112 - SOS GALICIA			
		<b>Notas</b>	EMPRESA TABOADA Y RAMOS S.L.			
<b>Finalizado</b>	<b>Incidencia</b>	poLas dunha arbore Baixas, os camions pasa ao outro carril para esquivalas				

TERCEIRO.- A sinalización existente no lugar do accidente é a seguinte:



- Anterior ao PPS (paso de peóns sobrelevaado)  
Sinal de perigo por resalto (P-15a)  
Sinal vertical (R-301) de velocidade máxima 30 km/h.

- Con posterioridade ao PPS  
Sinal de perigo por resalto (P-15a)  
Sinal vertical (R-301) e horizontal de velocidade máxima 30 km/h.

CUARTO- A brigada de conservación responsable dos traballos de “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra. ” dentro dos concellos da Zona 4: Ponte Caldelas, A Lama, Cotobade, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Redondela, Soutomaior é CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Dentro deste contrato recóllense os: Traballos sistemáticos de conservación ordinaria que teñen por obxecto atrasar todo o posible o proceso de degradación das características funcionais ou estruturais dos elementos da estrada.

Esta empresa fixo o recorrido de limpeza e bacheo nesa estrada o día 28 de decembro do ano 2022 (achégase copia do parte).

PARTES DE TRABAJO DIARIO				CÓDIGO: 1651	FECHA: 28-12-22		
				OBRA: Z 4			
DATOS DE LOS OPERARIOS		UNIDADES DE OBRA		DATOS MAQUINA - VEHICULO		UNIDADES DE OBRA	
Nº	NOMBRE	1	2	Nº	NOMBRE	1	2
	Omar Masia	1		1	186	1	
	Sergio Esteve	1					
	Diego Bastigos	1					
	José González	1					
	José Espino	1					
	Janice Dyanda	1					
UNIDADES DE OBRA:		MATERIALES Y SUBCONTRATAS		OBSERVACIONES:			
1.º EP - 2700		- sacos gravilla		Traslado limpa asfalto y bacheo			
2.º EP - 2700							
3.º EP - 2700							
4.º EP - 2700							
5.º EP - 2700							
6.º EP - 2700							
Vº ENCARGADO							

A día de boxe o bache aparece reparado polo que non temos constancia de que nesa data non o estivera.



M.<sup>a</sup> Belén Pampín Camino  
Enxeñeiro





Resultando.- Que con data 15/01/2024, e con fundamento no artigo 4.1, letra c), da Lei 39/2015, emprazouse como interesada á mercantil Construcciones Taboada y Ramos, S.L., conferíndolle un prazo de dez días para que puidera realizar as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 26/01/2024, no que, en resumo, manifestan:

*“(..). Corresponde a la parte reclamante la carga de la prueba sobre las cuestiones de hecho determinantes de la existencia, de la antijuridicidad, del alcance y de la valoración económica de la lesión, así como del sustrato fáctico de la relación de causalidad que permita la imputación de la responsabilidad a la Administración.*

*En el marco del presente expediente, no queda acreditada la existencia de nexo causal alguno entre los daños sufridos por el vehículo y el supuesto deficiente estado de la vía (presencia de bache), por lo que no ha quedado acreditada la existencia de nexo causal entre los supuestos daños existentes en el vehículo, y el funcionamiento normal o anormal de los servicios públicos. La parte reclamante no ha acreditado la producción del “siniestro” que daría lugar a la reclamación.*

*En primer lugar, cabe señalar que en el escrito notificado no se acredita que los daños se hayan producido como consecuencia del bache en la calzada.*

*En el escrito de reclamación se dice aportar fotografía del bache y fotografía de la rueda dañada, sin embargo, en la documentación obrante en el expediente (...) la única fotografía que hay es la de la rueda dañada. En todo caso, el hecho de aportar la imagen de un bache y de la rueda dañada, no acredita que la producción de dichos daños sea consecuencia de la existencia de dicho bache. Es más, los daños objeto de la presente reclamación podrían ser incluso preexistentes y haberse producido en cualquier otro lugar y fuera de la Red viaria de la Diputación de Pontevedra.*

*Así pues, no acredita la recurrente que los daños se produjeran en dicha fecha y como consecuencia del citado bache, toda vez que no puso en conocimiento de esta entidad la existencia de los daños que reclama, ni ese mismo día ni en días próximos, ni tampoco en conocimiento de alguna autoridad, Guardia Civil o Policía Local, con el objeto de que se levantase el correspondiente atestado. Por tanto, en ausencia de prueba alguna, salvo las meras afirmaciones del reclamante, los daños del vehículo podrían haberse producido en cualquier lugar y momento, sin que haya quedado acreditado que estos sean consecuencia del referido bache.*

*A la vista de lo expuesto, se concluye que ni siquiera ha quedado acreditado que la producción de los daños reclamados sea consecuencia de la existencia del bache referido y, en consecuencia, tampoco ha quedado probada la responsabilidad de mi representada, ni de la Administración por los supuestos daños objeto de reclamación.*

- *Sobre la diligencia adoptada por el conductor del vehículo.*

*Así pues, debemos señalar que, en el lugar indicado por la reclamante como lugar en el que se produjo el siniestro, el p.k. 5+370 de la E.P.2702, se encuentra junto un paso elevado, y por tanto la velocidad se halla limitada a 30 Km/h, tal y como se puede apreciar en la siguiente imagen:*



*Existe señalización vertical de peligro por resalto y de limitación de velocidad máxima a 30 km/h tanto antes como después del paso elevado.*

*Además, es necesario tener en cuenta que el reclamante tiene el deber jurídico de soportar el daño cabalmente causado por su propia conducta, sin que pueda reclamarse a la Administración o a mi representada responsabilidad alguna por el accidente sufrido como consecuencia del incumplimiento del deber del reclamante de adecuar la velocidad a la vía, así como de la falta de adopción de la diligencia debida en la conducción, que hubieran permitido observar el supuesto bache con antelación suficiente.*

*Así, si los daños se hubieran producido en dicha carretera, cuestión que, como se ha visto, no ha quedado acreditada, lo cierto es que de haber circulado a una velocidad adecuada (30 km/h) no se habrían producido ya que, circulando a una velocidad adecuada para el vial y para las circunstancias concretas concurrentes, el estado del firme no poseía unas características susceptibles de producir los daños que se alegan. Y, lo que es más, la adopción de una velocidad adecuada habría permitido (i) advertir el supuesto bache con antelación suficiente para reaccionar y (ii) y minorar la velocidad, e incluso detener el vehículo o realizar una maniobra evasiva evitando el mismo.*

*En este sentido, cabe citar la Sentencia 1678/2006 de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Castilla León de fecha 29 de septiembre de 2006 que desestima la reclamación patrimonial formulada en relación con un reventón supuestamente producido por un bache:*

*“Tanto por la representación de la Diputación Provincial de León, como por la de la codemandada, se sostiene que no existe, ni en el procedimiento seguido en vía administrativa, ni en estos autos prueba alguna que acredite la realidad del accidente invocado como presupuesto de la responsabilidad patrimonial demandada en la versión ofrecida por el actor, ya que el atestado confeccionado por la Guardia Civil ni acredita el reventón de la rueda del demandante se produjera en ese lugar, ni que el bache no fuese fácilmente visible pese a no estar señalizado, ni que no fuese posible una maniobra evasiva del mismo. (...) Ante tal falta de prueba de la forma en que se produjeron los daños cuya indemnización se reclama y la abundante jurisprudencia que declara que recae sobre el que demanda la carga de probar los hechos fundamentadores de su pretensión, la que constituye el objeto de este proceso ha de ser desestimada”.*

*Pues bien, a la vista de la sentencia citada, es necesario recordar que no queda acreditada por la parte reclamante, a quien corresponde la carga de la prueba, la existencia de nexo causal entre los daños objeto de reclamación y el estado de la vía. Ello porque han podido concurrir otros factores (como es la falta de adecuación de la velocidad de forma tal que se pueda detener el vehículo ante cualquier obstáculo dentro del campo de visión) que habrían alterado, si existiese, en nexo causal ya que con una conducción diligente y adecuada a las circunstancias del vial habría podido advertir el bache y minorar la velocidad, detener el vehículo o, en su caso, realizar una maniobra evasiva del mismo, sin que concurra, por tanto, una relación directa e inmediata de causa y efecto.*

*(...) Sobre la actuación diligente de mi representada.*



*Sin perjuicio, de que, como se ha expuesto en la alegación segunda del presente escrito, no concurre nexo causal alguno, dada la condición de mi representada de adjudicataria del servicio de mantenimiento, atención a incidencias y vialidad invernal de la citada vía, es preciso poner de manifiesto que esta ha cumplido de forma estricta todas las obligaciones que le son exigibles en su calidad de contratista.*

*Así pues, por parte de mi representada se llevaron a cabo actuaciones de bacheo y labores de conservación ordinaria (limpieza de cunetas y de gravilla) en la E.P. 2702 **los días 27 y 28 de diciembre de 2022, así como el 3 de enero de 2023, apenas 2 días antes de la fecha del siniestro**, como así se acredita con los partes de trabajo diario que se adjuntan como Documento N<sup>o</sup>1.*

*En este sentido es relevante poner de manifiesto que ha quedado acreditado, que **transcurrió muy poco tiempo entre las operaciones de bacheo y el supuesto accidente** fue, y, por tanto, resulta imposible que mi representada, haya podido faltar a sus deberes y obligaciones conservación y mantenimiento.*

*En conclusión, (i) no queda acreditada la producción del siniestro objeto de reclamación, ni (ii) la existencia de relación o nexo causal entre el funcionamiento normal o anormal de los servicios públicos y los daños reclamados. Por lo que (iii) no existe título bastante de imputación de responsabilidad a la administración titular de la carretera, al no constar que se hubieren rebasado los estándares de seguridad y vigilancia que como titular responsable del mantenimiento de la misma debe observar, ni tampoco consta se hubiere producido dejadez o negligencia por parte de esta (o mi representada en su condición de contratista del servicio de conservación) **no constando que se hubieren producido otros accidentes en dicho tramo del vial**, por lo que no concurre la necesaria relación de causalidad entre el daño reclamado y el funcionamiento del servicio público de carreteras.*

Considerando.- Que no presente procedimiento siguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV, do Título Preliminar da Lei 40/2015, referido á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcurrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, a brigada de conservación responsable dos traballos de “*Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra*” (...) é CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., que fixo o recorrido de limpeza e bacheo nesa estrada o día 28/12/2022.



- Na data do informe, manifesta o Servizo de Infraestruturas que o bache aparece reparado, polo que non se ten constancia de que na data do accidente non o estivera.
- Non se tivo coñecemento do accidente nin de outros por esta causa.
- Segundo o alegado por Construcciones Taboada y Ramos, leváronse a cabo actuacións de bacheo e labores de conservación ordinaria (limpeza de cunetas e de gravilla) na estrada os días 27 e 28 de decembro do 2022, así como o día 3 de xaneiro do 2023, apenas dous días antes da data do sinistro, como así se acredita cos partes de traballo, transcorrendo moi pouco tempo entre as operacións de bacheo e o suposto accidente, polo que resulta imposible que tivera podido faltar ós deberes e obrigas de conservación en mantemento.
- Non houbo mais accidentes por esta causa.

Considerando.- Que a reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, non constando atestado, nin dilixencias policiais de intervención no accidente, por canto nin principio de proba ou indicio algún aporta ó procedemento, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica do relatado e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar o convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte ó cal o informe do Servizo de Infraestruturas e o alegado pola brigada responsable dos traballos, Construcciones Taboada y Ramos (terceiro interposto entre a Administración e o particular ó que, en hipótese, lle serían atribuíbles as consecuencias do sinistro que se rexeita), constitúense coma elementos de xuízo idóneos, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.

Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual:

*“...Corresponde al actor y al demandado reconviniendo la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvención”.*

E a teor do artigo 218 do citado texto:

*“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso”.*

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos reclamados, xa que as concretas circunstancias que amosa o presente caso non permiten establecer o substrato fáctico preciso para imputar a responsabilidade á Administración, posto que a reclamante non facilitou ningún elemento de proba que sustente que os danos se produciron nese lugar podendo terse producido en calquera outro.



Considerando.- Que segundo se recolle no citado informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 14/06/2023, no lugar sinalado pola reclamante existen sinais de perigo por resalto (P-15a), así como sinais de limitación de velocidade a 30 km/h, polo que de ter acaecido o accidente tal e como relata a reclamante, todo semella indicar que sería atribuíble e esta a responsabilidade, xa que de terse adecuado a condución ás circunstancias esixidas pola vía, o accidente non se tería producido. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse”*.

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

*“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”*

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Artigo 132.1: *“...Todos los usuarios de las vías objeto de esta Ley están obligados a obedecer las señales de circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”*

Considerando.- Que non houbo outros accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo aviso por causa do accidente, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/2020.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.


A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

19.33495.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR. (Expte. 2023005705)

Dada conta que con data de rexistro 27/01/2023 (rex. núm. WEB2023004205), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.<sup>a</sup> Miriam Olivares Díez en representación de Seguros Catalana Occidente S.A. de Seguros y Reaseguros, por danos en vehículo producidos en accidente de circulación a consecuencia da irrupción dun corzo na estrada provincial E.P. 2908 Arcade-Amoedo, no Concello de Soutomaior, o día 28/01/2022, e que cuantificou economicamente en 2.023,98 euros.

Resultando.- Que con data 30/01/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 31/05/2023, co seguinte contido literal:

*PRIMEIRO.- A estrada EP 2908 ARCADE-AMOEDO pertence á rede provincial de estradas.*



*O accidente tivo lugar no punto quilométrico PK 3+380 (marxe dereita) desta estrada provincial.*



SEGUNDO.- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso polo motivo sinalado como causa do accidente.

No ano 2022 aparecen incidencias na estrada provincial pero por outros motivos alleos á incidencia sinalada (achéganse os partes rexistrados).

[Listado de Partes / Partes](#)

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	Comunicado	Finalizado	Comunica	Notas	Incidencia	Finalizado
2022	182	08/06/2022	11:35	01128	SOUTOMAIOR	Sur	
		08/06/2022	11:38	01128	Arcade - Amoedo	1.2	
		08/06/2022	12:15	01128	Bacariza		
		Comunica	112 - SOS GALICIA		POLICIA LOCAL		
		Notas	rancha de gasoil				
		Incidencia					
2022	197	16/06/2022	14:05	05413	SOUTOMAIOR	Sur	
		16/06/2022	14:10	05413	Arcade - Amoedo	0.8	
		16/06/2022	14:12	05413	Bacariza		
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	Chámame o capataz e dime que os conos están colocados porque están a realizar trabai				
		Incidencia	Conos colocados nun peso de peons que soletan para cruzar a calle.				
2022	233	14/07/2022	22:28	05413	SOUTOMAIOR	Sur	
		14/07/2022	22:30	05413	Arcade - Amoedo	5.0	
		14/07/2022	00:37	01128	Bacariza		
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	Taboada Ramos empresa				
		Incidencia	Arbore caída				
2022	241	18/07/2022	17:07	01128	SOUTOMAIOR	Sur	
		18/07/2022	17:22	01128	Arcade - Amoedo	1.0	
		18/07/2022	19:30	01128	Bacariza		
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	ACUDIRON TABOADA Y RAMOS S.L. E O CAPATAZ MANUEL BACARIZA BUSTELOITe				
		Incidencia	VERTIDOS DE AGLOMERADO EN VARIOS LOMBOS				
2022	446	23/10/2022	14:26	elberto	SOUTOMAIOR	Sur	
		23/10/2022	14:30	elberto	Arcade - Amoedo	2.0	
		23/10/2022	14:30	elberto	Padin		
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	CERRADO CO PARTE 412				
		Incidencia	ÁRBOL A PUNTO DE CAER				
2022	502	04/11/2022	13:04	01128	SOUTOMAIOR	Sur	
		04/11/2022	13:07	01128	Arcade - Amoedo	3.5	
		04/11/2022	13:07	01128	Bacariza		
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	cerrase con parte 501				





TERCEIRO.- O servizo de conservación non foi avisado para acudir ó lugar do sinistro, polo que se descoñece quen limpou a estrada nesa data.

CUARTO.- Previamente ás datas do sinistro non houbo antecedentes que xustificaran a instalación de sinalización polo que non existía ningunha sinal P-24 advertindo do mesmo.

No tramo anterior onde alegan que foi o accidente existe a seguinte sinalización:

- Sinal vertical P-1 (intersección con prioridade)
  - Sinal vertical P-14b (perigo curvas a esquerda)
  - PPS (pasos de peóns sobreelevado) coa súa sinalización correspondente:
- Sinal de perigo por peóns (P-20)
  - Sinal de perigo por resalto (P-15a)
  - Sinal vertical (R-301) e horizontal de velocidade máxima 30 km/h.





*QUINTO.- O lugar onde se produciu o accidente é un entorno rural con vivendas illadas.*



*Belén Pampín Camino  
Enxeñeiro*

---

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndese o seguinte:

- O accidente tivo lugar ás 09:05 horas, con luz do día natural, solar e con tempo despexado.
- Recóllese no informe estadístico aportado coa instancia que o firme se atopaba mollado.
- Segundo o informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación, non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso por irrupción de fauna.
- Nas datas previas ó sinistro non houbo antecedentes que xustificaran a instalación do sinal P-24.
- No tramo anterior ó de produción do sinistro existen os seguintes sinais de advertencia de perigo:
  1. Sinal vertical P-1: Intersección con prioridade.
  2. Sinal vertical P-14b: advertencia pola proximidade dunha serie de curvas perigosas, sendo a primeira cara a esquerda.
  3. PPS (pasos de peóns sobreelevados) coa súa sinalización correspondente:
    - Sinal P-20: perigo pola proximidade dun lugar frecuentado por peóns.
    - Sinal P-15a: perigo pola proximidade dun resalto na vía.
    - Sinal vertical R-301: prohibición de circular a velocidade superior, en quilómetros por hora, á que indica o sinal (30 km/h) e sinalización horizontal de velocidade máxima a 30 km/h.



- O Servizo de conservación da estrada non tivo coñecemento do accidente, polo que non se acudiu ó lugar para limpar a estrada, descoñecendo quen o fixo.  
O lugar onde se produciu o sinistro é un entorno rural con vivendas illadas.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a simple lectura do artigo 149.5 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, revela ben ás claras que é necesario acreditar a FRECUENCIA na irrupción de fauna salvaxe, máis cando non se produciron máis accidentes pola mesma causa, véxase:

*“...Los tipos de señales de advertencia de peligro, con su nomenclatura y significado respectivos, son los siguientes:*

*(...) P-24. Paso de animales en libertad. Peligro por la proximidad de un lugar donde FRECUENTEMENTE la vía puede ser atravesada por animales en libertad...”*

Considerando.- Que a sentenza 228/08, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº. 2 de Pontevedra, nos autos do Procedemento Abreviado 204/08, baseándose neste precepto, eximiu á Deputación da obriga de instalación do sinal P-24 (paso de animais en liberdade) por non terse acreditado a FRECUENCIA e a HABITUALIDADE no paso, deixando dito que:

*“... No hay dato alguno en el expediente administrativo ni informe al respecto que indique que el tramo en el que ocurrió el accidente constituye un lugar de paso habitual, y no esporádico, de animales salvajes que hiciera necesaria la señalización adecuada al respecto, en concreto con la señal P-24. Es más, tampoco hay constancia de que en dicho tramo de la carretera y en un lapso de tiempo próximo al accidente registrado, se hubiesen originado otros por similares causas”.*

Na mesma liña argumental se pronuncian as seguintes sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra en supostos con identidade de razón á que nos ocupa, irrupción de fauna na calzada: do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas números 171/2005, 115/09, 119/2010, 179/11, 268/11 e 259/12; do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, a xa citada sentenza 228/08 e mais as sentenzas números 1/2012, 243/2014 e 15/2021; e do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, as sentenzas números 75/05, 27/2010, 43/2011 e 202/2020.

Considerando.- Que a maior abundamento, das sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que se invocaron, cabe resaltar os seguintes parágrafos:

- Sentenza 119/10, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Tampoco ha quedado acreditado de la prueba practicada que el lugar en que se produjo el accidente sea un lugar de paso frecuente de animales de caza, que hiciera necesario advertir a los usuarios de la vía por medio de la señalización pertinente al respecto (P-24), no constando según la información obrante en el expediente, la existencia de ningún otro siniestro de similares características en dicho tramo de la vía”.*
- Sentenza 179/11 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“... No ha incurrido, por tanto, la Diputación de Pontevedra, en omisión del deber de señalización, por lo que se carece de título de imputación que permita la atribución de responsabilidad por el daño causado”.*



- Sentenza 268/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra: “...No existen pruebas suficientes para entender que en la referida carretera provincial se da la frecuencia en el paso de animales en libertad que obligaría a la Administración a colocar en ella la señal fija de advertencia de peligro. No ha incurrido, por tanto, la Diputación Provincial de Pontevedra, en omisión del deber de señalización”.
- Sentenza 259/12 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra: “... Ha de decaer necesariamente la pretensión indemnizatoria ejercitada, con la consiguiente confirmación de la resolución que aquí se impugna, previa desestimación del recurso, por no apreciarse obligación en la Administración demandada de disponer de señalización de advertencia de animales salvajes o de adopción de otras medidas de prevención en el tramo de carretera en que se produjo el siniestro...”
- Sentenza 243/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra: “Ante la prueba practicada, ha de concluirse que no puede considerarse debidamente acreditada la responsabilidad de la Administración demandada, por cuanto, aunque se reconozca la irrupción de un caballo en la vía como causa del accidente, es lo cierto que no existe constancia alguna de que en ese lugar se produzca un paso frecuente de este tipo de animales u otros que lleve a considerar la obligación de señalizar el riesgo”.
- Sentenza 15/2021 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra: “... No existen datos objetivos que acrediten que el lugar en el que ocurre el accidente, vial provincial sin señalización de peligro por animales sueltos, se trate de zona donde frecuentemente la vía pueda ser atravesada por animales en libertad y, en consecuencia, tal y como se defiende por las demandadas, no había obligación de instalación de la señal P-24”.
- Sentenza 27/2010 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 3 de Pontevedra: “...Al no existir una obligación legal de señalizar ese tramo, y al no haberse demostrado por la parte actora que el mismo debería de ser señalizado (...), no es posible imputar la responsabilidad en la producción de los daños a la Administración aquí demandada (Diputación)...”
- Sentenza 43/2011 do Xulgado Contencioso- Administrativo nº 3 de Pontevedra, nos autos do Procedemento Abreviado 306/2010: “...quien reclama debe demostrar un determinado nivel de siniestralidad y la ausencia o insuficiencia de medidas visibles o aparentes de conservación o de señalización...”
- Sentenza 202/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra: “... La conclusión para este asunto, vista la prueba de que ha dispuesto el juzgado, conduce a la desestimación del presente recurso, porque no se habría demostrado que la Diputación, en la condición de titular de la carretera en cuestión, donde sucedió este accidente, hubiera dejado de adoptar las medidas de precaución que le serían exigibles, razonables, para evitar este tipo de accidentes, por los motivos ya expuestos: no existe una obligación de la titular de vallar este tipo de vías; sí la de señalizar el peligro asociado a la irrupción por sorpresa de animales sueltos, que es una exigencia a cargo de la titular en los casos en que le consta un alto nivel de siniestralidad asociada a ese tipo de eventos en el tramo de que se trate”.



Considerando.- Que a parte non aportou proba ningunha da frecuencia na irrupción, feito que non quedou acreditado, polo que nos atopamos ante un suposto de forza maior (caracterizado pola súa externalidade e irresistibilidade, en síntese de imprevisibilidade e consecuente inevitabilidade), ó que é allea esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de tódolos riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana ó que non é allea a condución de vehículos a motor.

Considerando.- Que a Disposición Adicional Sétima do Real Decreto Legislativo 6/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, establece o seguinte:

*“En accidentes de tráfico ocasionados por atropello de especies cinegéticas en las vías públicas será responsable de los daños a personas o bienes el conductor del vehículo, sin que pueda reclamarse por el valor de los animales que irrumpen en aquéllas.*

*No obstante, será responsable de los daños a personas o bienes el titular del aprovechamiento cinegético o, en su defecto, el propietario del terreno cuando el accidente de tráfico sea consecuencia directa de una acción de caza colectiva de una especie de caza mayor llevada a cabo el mismo día o que haya concluido doce horas antes de aquél.*

*También podrá ser responsable el titular de la vía pública en la que se produzca el accidente como consecuencia de no haber reparado la valla de cerramiento en plazo, en su caso, o por no disponer de la señalización específica de animales sueltos en tramos con alta accidentalidad por colisión de vehículos con los mismos”.*

Considerando.- Que a Deputación non ten a obriga de valar estradas, deber que soamente é predicable de autoestradas e autovías.

Considerando.- Que segundo informa o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, a velocidade no tramo está limitada a 30 km/h e con vexetación nas marxes, o que fai descansar, a lo menos de modo indiciario, a responsabilidade no condutor do vehículo, vinculado coa forza maior. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo conductor está obligado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse”.*

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: *“1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:*

*c) CUANDO HAYA ANIMALES EN LA PARTE DE LA VÍA QUE SE ESTÁ UTILIZANDO O PUEDA PREVERSE RACIONALMENTE SU IRUPCIÓN EN ELLA”.*



Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

*“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”*

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Artigo 132.1: *“...Todos los usuarios de las vías objeto de esta Ley están obligados a obedecer las señales de circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”*

En calquera caso, a cascada de sinais limitativas previas obriga ó condutor do vehículo a chegar ó punto de colisión cunha velocidade reducidísima.

Considerando.- Que non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/2020; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.



Considerando.- Que no presente procedemento seguíuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo Xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

20.33496.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A “RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO-MARÍTIMO FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024”. (Expte.2024002464)

A Deputación de Pontevedra, consciente da riqueza e singularidade do patrimonio marítimo-fluvial galego e da necesidade de preservalo e difundilo, promove, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, esta liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o seu uso en actividades de promoción sociocultural.

Desde a primeira convocatoria destas axudas, no ano 2020, o número de solicitudes foi en aumento, o que permitiu subvencionar numerosos proxectos de restauración do patrimonio marítimo-fluvial na provincia, en moitos dos casos bens en deficiente estado de conservación que, sen estas intervencións, acabarían por desaparecer.

Con estes antecedentes, a institución provincial promove para este ano 2024 unha nova convocatoria de subvencións, en concorrencia competitiva, que conta con tres liñas de actuación diferenciadas: embarcacións tradicionais; aparellos de pesca; e construcións e instalacións en terra.

Con data 26 de xaneiro de 2024, o deputado delegado en materia de Patrimonio Documental e Bibliográfico ordena a elaboración dunha nova convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024, e solicítalle ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.





Con data 26 de xaneiro de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe do programa indicado, con CSV: NQL739QCIBWU2XES, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 2 de febreiro de 2024, a área de Secretaría emite informe, con CSV: D38LY9VBTE99W1LS, sobre as Bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024.

Con data 12 de febreiro de 2024, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: XL2CES392C4KGXGX, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 24/332.3322.789.01 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 202400031655, por importe de 100.000,00 €.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 46 da Constitución española establécese que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

No título preliminar da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recóllese que o seu patrimonio cultural está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban considerarse de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, a devandita lei galega determina o ámbito de competencias e o réxime da colaboración interadministrativa nos que se fomenta a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e na promoción do patrimonio cultural de Galicia. As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen a obriga de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).



- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

#### APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, “a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación (16.1.c) en relación coa (16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (100.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.

#### RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024, que figuran co CSV: LZA62DKT65F36TL0.



21.33497.- COMUNICACIÓNS

*Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación:*

SENTENZAS FAVORABLES:

RECURSOS HUMANOS:

- 1) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 264/23, dimanante do procedemento abreviado nº 108/22, promovido por Estefanía Ferreiros Gómez, sobre materia de persoal. (Expte.2023032548).*

Dada conta que con data 2 de febreiro de 2024 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de apelación núm. 264/23, promovido por *Estefanía Ferreiros Gómez* contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra de data 7 de febreiro de 2023, ditada en procedemento abreviado número 108/22, promovidos por *Estefanía Ferreiros Gómez* contra Resolución Presidencial de data 24/3/22, desestimatoria da reclamación formulada pola demandante na que interesaba o seu nomeamento como oficiala de comedor no Centro Príncipe Felipe) na que desestima o recurso presentado pola demandante, ratificando a ditada en primeira instancia, con imposición de custas por importe de 1.000,00 € e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.

INFRAESTRUTURAS:

- 2) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 286/22 promovidos por Consuelo Sánchez Piña sobre reclamación responsabilidade patrimonial por lesións no termo municipal de Cangas do Morrazo. (Expte.2022060424)*

Dada conta que con data 8 de febreiro de 2024 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 286/22 promovidos por *Consuelo Sánchez Piña* sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por lesións padecidas a consecuencia dunha caída nas proximidades da zona de aparcamento da praia de Nerga o día 25/5/21 no termo municipal de Cangas do Morrazo, na que reclamaba a cantidade de 5.405,77 € de principal mais 454,29 € correspondentes ós intereses legais dende a data en que se produciu a caída o que fan un total de 5.860,06 €) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



## SENTENZAS DESFAVORABLES:

### RECURSOS HUMANOS:

- 3) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de A Coruña, ditada no procedemento abreviado nº 38/23, promovido polo Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de A Coruña, sobre materia de persoal. (Expte.2023032192).*

Dada conta que con data 2 de febreiro de 2.024 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de A Coruña (recaída no procedemento abreviado nº 38/23 promovido polo *Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de A Coruña*, contra o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra do 25 de novembro de 2022, polo que se acorda a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o ano 2022, así como a aprobación definitiva da RPT, publicada no BOP Pontevedra de data 15/12/22, sobre a forma de provisión do posto do Vicesecretario, para establecer o sistema de libre designación como forma de provisión do posto de traballo, polo carácter excepcional, pola natureza das súas funcións e pola atribución de tarefas de especial responsabilidade en diversos ámbitos de actuación) na que se estima a demanda no sentido de anular e deixar sen efecto a resolución administrativa impugnada no que afecta o posto de Vicesecretaria, declarando anulabilidade da determinación do sistema de provisión do posto como de libre designación, procedendo o de concurso, obrigando á Administración a realizar todas as actuacións necesarias para o cumprimento do disposto anteriormente, fixando o concurso como sistema de provisión do posto de Vicesecretario na RPT, con todos os efectos administrativos que diso se derive e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno toma razón da devandita sentenza.

### COOPERACIÓN:

- 4) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario nº 137/22, promovido polo Concello de Soutomaior, sobre materia de subvencións. (Expte.2022032893)*

Dada conta que con data 6 de febreiro de 2.024 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento ordinario nº 137/22 promovido polo *Concello de Soutomaior*, contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 25/2/22, desestimatorio do recurso de reposición presentado fronte ao acordo do 17/12/21 que á súa vez desestimou a solicitude de subvención para a humanización de determinadas rúas no programa REACPON, convocado por acordo do 28 de maio de 2021) na que se estima a demanda no sentido de anular os referidos acordos, condenando á Deputación Provincial de Pontevedra a retrotraer o procedemento de outorgamento desta subvención respecto do Concello de Soutomaior, recoñecéndolle 28 puntos pola madurez do proxecto e repuntuando o concepto de contribución a unha economía descarbonizada, computando o tramo viario comprendido entre a Praza de Cimadevila e a rúa Rosalía de Castro, polo que discorre o camiño de Santiago, outorgándolle en definitiva a subvención correspondente á nova puntuación obtida, incrementada cos intereses legais desde a data na que debeu ser concedida e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno toma razón da devandita sentenza que será recorrida en apelación perante o T.S.X G.



AUTOS, DILIXENCIAS FAVORABLES:  
RECURSOS HUMANOS:

- 5) *Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra, ditado no procedemento sobre Dereitos Fundamentais núm. 317/23, promovido por Olaia Eiriz Blanco, sobre materia de persoal. (Expte. 2023064170)*

Dada conta que con data 6 de febreiro de 2.024 tivo entrada nesta Deputación auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (ditado no procedemento sobre Derechos Fundamentales núm. 317/23, promovido por *Olaia Eiriz Blanco*, sobre solicitude de proba documental formulada pola parte actora no curso da vista celebrada o día 5/2/24, a cal foi denegada pola Súa Señoría, recorrendo en reposición en sede xudicial a representación da demandante) que desestima o meritado recurso unha vez formuladas “*in situ*” as correspondentes alegacións do letrado que subscribe en representación da Deputación Provincial de Pontevedra.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.

22.33498.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

23.33499.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

